

NORMAS PARA A PARTICIPACIÓN NOS OBRADOIROS “SEMENTE DE IGUALDADE”

1. Hai 20 prazas dispoñibles que serán asignadas por **ORDE DE INSCRIPCIÓN**, tendo prioridade os/as menores que están empadroados/as no Concello de Viana do Bolo.
2. Pedimos ás persoas encargadas de levar e recoller os/as nenos/as que sexan **PUNTUAIS**.
3. Os/as menores non poden levar ás actividades móbiles, nin dispositivos electrónicos de ningún tipo.
4. Recoméndase que os/as nenos/as acudan as actividades con roupa e calzado cómodo e fácil de lavar (uso de pinturas, pegamentos, etc.)
5. **Sempre que a persoa encargada de recoller os/as menores sexa alguén que non figure na solicitude de inscrición, isto deberá notificarse con anterioridade ao persoal que xestiona a actividade, debendo esta persoa coñecer e cumprir as normas que aquí se expoñen.**
6. Non se permite a entrada das familias aos espazos por razóns de seguridade.
7. **A falta inxustificada do/a menor durante 2 días seguidos supón a perda do dereito á praza e, de haber listaxe de espera, asignaráselle a praza ao/á seguinte da lista.**

As ausencias inxustificadas tamén se terán en conta de cara a participación nas actividades de conciliación de verán, pasando ao final da lista as persoas que se ausenten de maneira reiterada nestas actividades.

8. O Concello de Viana do Bolo resérvase o dereito a tomar medidas e/ou decisións non especificadas neste documento sempre que poidan contribuír a un mellor funcionamento das actividades
9. Os obradoiros “Semente de Igualdade” contarán á súa vez, cunha serie de normas e recomendacións a nivel interno para a boa convivencia entre os/as menores (ex. non insultar e/ou pegar, acatar as normas establecidas polas monitoras en cada actividade, etc.) . A falta reiterada de cumprimento destas normas básicas de convivencia será motivo de expulsión dos obradoiros.
10. A inscrición do/a menor nos Obradoiros “Semente de Igualdade” supón o coñecemento e aceptación das normas recollidas neste documento.

PERSOAL DE CONTACTO:

Para calquera dúbida ou consulta ou queixa contactar co CIM:

Tlfo: 988 32 92 60

Correo electrónico: cimviana@gmail.com